

Os determinantes e os pronomes

Índice de contidos

1. Determinantes e pronomes
2. O artigo
 - 2.1. A segunda forma do artigo
 - 2.2. Contraccións do artigo determinado coas preposicións
 - 2.3. Contraccións do artigo indeterminado coas preposicións
3. O demostrativo
 - 3.1. Contraccións co determinante indefinido *outro*
 - 3.2. Contraccións coas preposicións *en* e *de*
 - 3.3. Valores especiais dos demostrativos
4. O posesivo
5. Cuantificadores
 - 5.1. Numerais
 - 5.2. Indefinidos
 - 5.2.1. Contraccións dos demostrativos con *outro/a/os/as* e *algún*
6. Identificadores
7. O pronome persoal
 - 7.1. O pronome persoal tónico
 - 7.2. O pronome persoal átono
 - 7.3. Colocación do pronome átono
8. O pronome relativo
9. O interrogativo e o exclamativo

1. Determinantes e pronomes

As palabras, dependendo da relación que manteñan co substantivo, poden desenvolver dúas funcións diferentes: como *determinantes* ou como *pronomes*.

Algunhas clases de palabras poden desempeñar a función de *determinación*, fenómeno polo cal a través dunha serie de elementos existentes nas linguas se identifica un referente concreto do substantivo, dentro do conxunto de todos aqueles obxectos aos que un substantivo pode facer referencia (referentes). Exemplo: home / este home.

Os elementos que permiten determinar un substantivo son o adxectivo, o artigo, o demostrativo, o posesivo e os cuantificadores. Segundo o elemento utilizado, podemos recoñecer diferentes tipos de *determinación*:

Actualización: o artigo utilízase para concretar ou sinalar un obxecto coñecido de entre os da súa clase: *nena* / **unha** *nena*, *sabedoría* / **a** *sabedoría*.

Deíxe: é a propiedade que posúen algúns elementos (neste caso, demostrativos e posesivos) para sinalar espacial e temporalmente no discurso desde a posición dos interlocutores: **esta** *nena*, **a miña** *casa*, **aquela** *vez*.

Cuantificación: especifica a cantidade de elementos aos que nos estamos a referir mediante o uso de numerais e indefinidos: **catro** *casas*, **moita** *sabedoría*.

Cualificación: os adxectivos ou elementos con valor adxectivo especifican algunha propiedade do elemento referido: *a casa* **grande** (adx.), *a casa* **que aluguei** (relat.).

Terán *función determinativa*, pois, aquelas palabras que acompañan o substantivo para modificar a extensión da palabra, para cuantificala, para actualizala, para cualificala, etc.

En cambio, as clases de palabras moitas veces poden substituír o substantivo. Neste caso, dise que posúen *función substantiva* ou *pronominal*, que actúan como *pronomes* porque substitúen os substantivos no discurso. Repara nos seguintes exemplos:

Función determinativa Esta casa foi construída en 1960

O demostrativo posúe unha función de determinante porque acompaña o substantivo; neste caso, determínoo sinalándoo no discurso (función deíctica).

Función pronominal Mercaron unha casa. Esta foi construída en 1960

Como ves, agora o demostrativo posúe unha función de pronome porque substitúe o substantivo *casa* no discurso. *Esta* permite sobreentender que nos referimos a 'A casa'.

Nesta unidade imos estudar as seguintes clases de palabras: artigos, demostrativos, posesivos, indefinidos, numerais, persoais, relativos, interrogativos e exclamativos. Algunhas delas van funcionar unicamente como determinantes ou como pronomes, mentres que outras poden funcionar, dependendo do contexto, algunhas veces como determinantes e outras veces como pronomes. Repara no seguinte cadro:

	Determinante	Pronome
Artigos	A casa está á venda	As casas, as de cor branca, son as máis grandes.
Demostrativos	Esta casa é grande	Eu quero esta
Posesivos	A miña casa é grande	Esta é a miña
Numerais	O primeiro cadro que ves é	O primeiro é un Picasso

	<i>un Picasso</i>	
Indefinidos	Algunha <i>persoa chamará</i>	Alguén <i>chamou onte pola tarde</i>
Identificadores	Ambos <i>os dous rapaces aprobaron</i>	<i>Chamaron os rapaces. Ambos aprobaron</i>
Persoais		Nós <i>marcharemos cedo</i>
Relativos	Só a forma <i>cuxo/a/os/as</i>	A casa que <i>merquei</i> (valor especial: <i>cuxo/a/os/as</i>)
Interrogativos	Que <i>agasallo queres?</i>	Quen <i>chama?</i>
Exclamativos	Que <i>cousa máis rara!</i>	Que <i>me dis!</i>

Aínda que tradicionalmente se considera que o artigo actúa unicamente como determinante, no exemplo que ofrecemos podemos comprobar que, ocasionalmente, tamén pode substituír o substantivo e, polo tanto, actuar como pronome.

Os pronomes persoais sempre terán función pronominal, pois substitúen as persoas gramaticais no discurso; tamén os relativos, agás a forma *cuxo/a/os/as* que actúa, á vez, de pronome e de adxectivo.

2. O artigo

O artigo considerouse tradicionalmente como a clase de palabras con función determinativa por excelencia. Hoxe considérase un morfema gramatical libre que acompaña os substantivos coa única función de actualizalos, sen proporcionar ningún contido.

Semanticamente, de feito, considérase un elemento *baleiro* de significado. No exemplo o *gato*, o non significa nada por si só.

Funcionalmente, como comentamos, actualiza e presenta o substantivo. Funciona, neste caso, como determinante (*os rapaces*). Noutras ocasións, en cambio, substitúen o substantivo e actúan, polo tanto, como pronomes:

Ante frase preposicional: *Dáme a de Pedro*

Ante cláusula de relativo introducida por *que*: *As que che indiquei eran as máis caras.*

Infórmanos, por exemplo, do xénero e do número do substantivo a que acompaña. Observa que *pelo* posúe un significado abstracto, virtual, que baixo a forma o *pelo* adquire un significado actualizado.

O artigo pode indicar se o falante e o oínte coñecen ou non o nome que acompaña. De acordo con isto, tradicionalmente distinguimos dous tipos de artigos: os *determinados* e os *indeterminados*.

O *artigo determinado* emprégase con realidades xa coñecidas ou identificables polos individuos. Serve para sinalar, actualizar ou presentar os substantivos en determinadas circunstancias:

- entidades xa mencionadas no discurso: *Chegaron unhas mulleres. Ao pouco, as mulleres decidiron petar na porta do boticario.*

- entidades xa coñecidas: non se remite ao texto senón ao contexto sociocultural ou á situación comunicativa. *O seu avó viviu a guerra* (enténdese: a guerra civil).

- especies e non individuos concretos.

A muller e o home.

O *artigo indeterminado* emprégase como presentador a primeira vez que se nomea o substantivo, ou cando as realidades que se designan son abstractas ou non coñecidas nin polo falante nin polo oínte. Exemplos:

- Atopamos *unha* casa deshabitada.
- Había alí *uns* homes traballando.
- Saíu de casa con *un* can

Ademais, o artigo ten a capacidade de substantivizar calquera categoría á que precede:

Falar (vbo.) / *o falar* (subst.), exemplo: *o falar non ten cancelas.*

Falar (vbo.) / *un falar* (subst.), exemplo: *un falar meigo.*

Formalmente, é unha palabra variable en canto ao xénero e ao número. Esta variación de xénero e número está condicionada polo substantivo a que acompaña. Constitúe un paradigma pechado de elementos:

Artigo determinado		
	Masculino	Feminino
Singular	o	a
Plural	os	as
Artigo indeterminado		
	Masculino	Feminino
Singular	un	unha
Plural	uns	unhas

2.1. A segunda forma do artigo

Dependendo do contexto de aparición, o artigo determinado pode presentar variantes que reciben o nome de *segunda forma do artigo*:

	Masculino	Feminino
Singular	lo	la
Plural	los	las

Fíxate nos exemplos:

- *Tedes que notifica-lo cambio.*
- *É tempo de actualiza-lo padrón.*
- *Imos polo corredor.*
- *Tódalas rúas da cidade.*
- *U-las miñas chaves?*

O uso da segunda forma do artigo é obrigatorio tras da preposición *por*, e o adverbio *u* (ant. **ub*), o primeiro sen guión (*vai polo río*), e o segundo con el (*u-lo libro?*).

O uso desta forma é opcional na escrita noutros contextos ben definidos, que sinalamos a continuación. Repara en que nalgúns casos se escribe con guión, mentres que noutras ocasións a segunda forma do artigo vai directamente ligada á palabra precedente.

Segunda forma de artigo *con guión*:

- Despois de infinitivo: *vou come-las laranxas que trouxeches.*
- Despois das formas verbais conxugadas que rematan en -r ou -s: *collémo-lo saco. Xa sábe-lo que pasou.*
- Despois dos pronomes que van unidos ao verbo (enclíticos) -nos, -vos e -lles: *tomóuno-lo pelo. Dóuvo-los cartos. Quitóulle-las ganas de xogar.*
- Despois dos pronomes persoais tónicos *nós* e *vós* cando van seguidos dunha precisión numérica: *nó-los dous, vó-los sete.*

- Despois do adverbio *u* (ant. *ub, 'onde?'): *u-lo libro?*

Segunda forma do artigo *sen guión*, cando antes aparece algunha das seguintes partículas:

- Preposición *por* (polo, pola, polos, polas): *vai pola sombra.*
- Cuantificador *ambos* (ambos, ambas): *ámbalas dúas.*
- Cuantificador *entrambos* (entrambos, entrambas): *entrámbolos dous.*
- Cuantificador *todos* (todos, todas): *tódolos días.*
- Preposición *tras*: *están tralas caixas.*
- Conxuncións copulativa *mais* e *e mais*: *fomos eu e mailo veciño.*

Lembra que...:

Cando os verbos levan variante alomórfica do artigo, no tocante á acentuación gráfica compórtanse coma se fosen unha soa palabra: *cóme-lo caldo*, *bebé-la auga*, etc.

Aínda que non se represente graficamente, a única pronuncia recomendable é a que reproduce a segunda forma nos contextos sinalados.

2.2. Contraccións do artigo determinado coas preposicións

O artigo determinado contrae obrigatoriamente coas preposicións *a*, *en*, *de*, *con* e *por*.

CONTRACCIÓNS

	O	A
a	ó/ao	á
en	no	na
de	do	da
con	co	coa
por	polo	pola

a	ós/aos	ás
en	nos	nas
de	dos	das
con	cos	coas
por	polos	polas

Exemplos:

- Fixemos unha festa **co** gallo de celebrar o comezo do curso.
- Vai **ao** cuarto e colle unha almofada.
- Chegamos **á** casa pasada a media noite.
- Helena deixou o libro **na** mesa da sala.
- Fernando é fillo **dos** nosos veciños.

Como podes comprobar, o encontro da preposición *a* co artigo masculino *o(s)* resólvese graficamente como *ao(s)* ou *ó(s)*. A pronuncia correcta, sexa cal for a súa representación, é con /ɔ/, que é a única que se rexistra en practicamente todo o dominio lingüístico galego.

Estas contraccións realízanse tamén cando o artigo dos topónimos vai precedido dunha

destas preposicións: *veño da Coruña, estou na Pobra do Caramiñal, vou ao Carballiño*. Mais non se realizan cando a preposición non rexe o substantivo determinado polo artigo: *antes de os galos cantaren*.

2.3. Contraccións do artigo indeterminado coas preposicións

O artigo indeterminado contrae obrigatoriamente coas preposicións *en, de e con*.

Exemplos:

- Faloume **dun** rapaz que coñecera.
- Onte vinte **cunha** moza alta.
- Estaba **nunha** rúa moi transitada.

CONTRACCIÓNS

	un	unha	uns	unhas
en	nun	nunha	nuns	nunhas
de	dun	dunha	duns	dunhas
con	cun	cunha	cuns	cunhas

Se a preposición non forma parte da mesma frase ca o artigo, non se realiza a contracción: de un médico estar alí, salvaríalle a vida (= de estar alí un médico, salvaríalle a vida).

3. O demostrativo

Son unidades do discurso que se utilizan para indicar a posición no *espazo* e no *tempo* do substantivo ao que acompañan indicando maior ou menor proximidade con relación ao falante: proximidade (1ª persoa), distancia media (2ª persoa) e distancia longa (3ª persoa): *esta mesa, esa mesa, aquela mesa*.

Exemplos:

- **Esta** casa. (Indica que está próxima ao que fala)
- **Aquela** fiestra. (Indica que está afastada)
- **Estes** días. (Son os días próximos, os que están transcorrendo)
- **Eses** días. (Xa están máis afastados no tempo)
- **Aqueles** días. (Aínda están máis afastados do momento presente)

Desenvolven a función deíctica en tanto que se utilizan para sinalar ou mostrar os seres no espazo, no tempo ou no contexto: *este rapaz, ese mes, aquela palabra*. Ademais, poden substituír o substantivo, polo que presentan tamén unha función pronominal:

Onte merquei plantas novas; esta que ves aquí é unha rosa chinesa.

Concordan, na función como determinantes, co xénero de número do substantivo ao que acompañan. As *formas* dos determinantes demostrativos son as seguintes:

	Masculino	Feminino	Neutro
Singular	este	esta	isto
Plural	estes	estas	-----
Singular	ese	esa	iso
Plural	eses	esas	-----
Singular	aquel	aquela	aquilo
Plural	aqueles	aqueles	-----

As formas neutras desenvolven no discurso unicamente a función pronominal. Exemplo:

isto é algo complexo.

3.1. Contraccións co determinante indefinido outro

O demostrativo combínase co indefinido *outro* e dá lugar ás formas seguintes:

Proximidade	Número	Masculino	Feminino
I	Singular	estoutro	estoutra
	Plural	estoutros	estoutras
II	Singular	esoutro	esoutra
	Plural	esoutros	esoutras
III	Singular	aqueloutro	aqueloutra
	Plural	aqueloutros	aqueloutras

Aínda que estas son as formas habituais para o masculino e o feminino, existen tamén as formas plenas, que son as únicas posibles para o neutro: *estes outros, aquilo outro*.

3.2. Contraccións coas preposicións en e de

O mesmo có pronome persoal tónico de terceira persoa, o pronome demostrativo contrae coas preposicións *en* e *de*: *deste, neste, destoutra, nesoutra, daquilo, daqueloutros, naquela*, etc.

Estas contraccións non teñen lugar cando a preposición non rexe o substantivo modificado polo demostrativo: *de estas razóns seren admitidas*.

	En	De
Este	neste	deste
Esta	nesta	desta
Isto	nisto	disto
Estes	nestes	destes
Estas	nestas	desas
Ese	nese	dese
Esa	nesa	desa
Iso	nisto	diso
Eses	neses	deses
Esas	nesas	desas
Aquel	naquel	daquel
Aquela	naquela	daquela
Aquilo	naquilo	daquilo
Aqueles	naqueles	daqueles
Aquelas	naquelas	daquelas

Exemplos:

- **Nesta** cidade hai moito tráfico.
- O coche verde é **daquel** home.

3.3. Valores especiais dos demostrativos

A posición máis frecuente é a anteposta ao substantivo, de maneira que se se sitúa despois del adquire matices expresivos significativos. Por exemplo, *o americano ese*, dependendo da entoación, pode transmitir valores despectivos.

Nisto / Nestas / Con isto: poden ser usados con valor temporal co significado de “nese momento”, “entón”.

Exemplos:

- Ía saír da casa de excursión e **nisto** comezou a chover.
- Iamos ir ao cine e **nestas** chegaron uns amigos para ir patinar e xa non fomos.
- Leu os nomes dos aprobados e **con isto** deu por rematada a clase.

Daquela: tamén pode ser usado con valor temporal e ademais pode funcionar como enlace sendo equivalente a “polo tanto”, “así pois”.

Exemplos:

- Cando eu era cativo os rapaces pasabamos o tempo doutras maneiras, **daquela** aínda non existían nin a televisión nin os xogos de ordenador (= entón)
- Non estudas, **daquela** non poderás aprobar (=polo tanto).

4. O posesivo

Os posesivos indican con que persoa gramatical se pon en relación o substantivo que acompaña; eventualmente, expresa unha relación de propiedade ou pertenza, en sentido amplo, entre o substantivo ao que acompañan e as persoas que interveñen na conversa: se pertence a quen fala (1ª persoa), ao que escoita (2ª persoa) ou a aquel de quen se fala (3ª persoa). O obxecto a que se refire a posesión pode ter un ou varios posuidores, segundo o posesivo sexa singular ou plural. Exemplos:

- Este é o **meu** fillo. (É fillo de quen fala)
- Este é o **teu** fillo . (É fillo do receptor/a)
- Este é o **seu** fillo. (É fillo dunha terceira persoa da que se está a falar)

Funcionalmente poden desenvolver unha función determinativa ou adxectiva se determinan un substantivo ou unha función pronominal se substitúen os substantivos. Observa os exemplos:

- A miña casa é de pedra (función determinativa)
- A miña é de pedra (función pronominal)
- O meu fillo estudou en Santiago (función determinativa)
- O meu estudou en Santiago (función pronominal)

Constitúe unha clase de palabras pechada que varía respecto da persoa, o xénero e o número. As formas dos posesivos son as seguintes:

PERSONA	SINGULAR		PLURAL	
	Masculino	Feminino	Masculino	Feminino
1	meu	miña	meus	miñas
2	teu	túa	teus	túas
3	seu	súa	seus	súas
4	noso	nosa	nosos	nosas
5	voso	vosa	vosos	vosas
6	seu	súa	seus	súas

Cos posesivos é obrigatorio o uso do artigo, agás nos nomes de parentesco ou nos vocativos, cos que é opcional.

Exemplos:

- **A miña** amiga traballa de avogada.
- A casa **da túa** amiga é moi soleada.

Pero:

- **Meus/Os meus** pais sempre viviron nesta cidade.

- Comprar reloxo de luxo, **miña** señora, élle cousa de ricos.

As formas de terceira e sexta persoa do posesivo, tanto en singular como en plural, son coincidentes (seu/s, súa/s). Moitas veces, prodúcese confusións que se poden solucionar co posesivo indicado coa preposición *de* + o pronome persoal:

- *Recoñeceron que a letra era súa □ recoñeceron que a letra era *dell/dela/deles/delas*.*

Lembra que...:

Debe evitarse o uso de formas como 'diante de ti', que son castellanismos moi arraigados, e substituírse polas formas propias 'diante túa'.

Para marcar unha relación de *propiedade exclusiva* ou absoluta, o posesivo ten formas construídas co sintagma de + posesivo masculino singular, invariables en xénero e número.

	Persoa
Singular	1 ^a de meu
	2 ^a de teu
	3 ^a de seu
Plural	1 ^a de noso
	2 ^a de voso
	3 ^a de seu

Exemplos:

- Agora temos un piso **de noso**, antes viviamos cos nosos pais.
- Sempre quixen ter un coche **de meu**, de momento téñome que conformar co da miña irmá as fins de semana.

Para indicar que un ou máis obxectos se queren atribuír ou adxudicar a varios posuidores considerados individualmente, existe unha forma especial de posesivo con valor *distributivo*, produto da fusión entre as formas do posesivo de 3^a persoa e o indefinido **cada** ('cada un o seu').

	Masculino	Feminino
Singular	cadanseu	cadansúa
Plural	cadanseus	cadansúas

Exemplos:

- Depositaron **cadanseu** sobre na caixa do correo.
- Como non fixeran un fondo común, pagaron **cadansúa** entrada.

Existe tamén un posesivo de respecto, *mi*, que acompaña a *madre*, *padre*, ocasionalmente a *tío* e aínda a outros substantivos de tratamento (*amo*, *señor*).

Hai ademais unhas formas de posesivo ligadas a un distributivo, que non presentan variación de forma en relación coa categoría de persoa: *cadanseu*, *cadansúa*, *cadanseus*, *cadansúas*: *déronnos (a) cadanseu libro*; *foron miña nai e mais ela*, e *colleron (a) cadansúa peza de pan*; *compraron (a) cadanseus zapatos*.

5. Cuantificadores

Os cuantificadores son un conxunto de palabras que, con maior ou menos precisión, expresan unha idea de cantidade respecto da realidade. Como veremos, distinguimos dous grandes grupos, entre aqueles que expresan a cantidade de maneira precisa, os numerais, e

aqueles que indican cantidade dunha maneira menos exacta, os indefinidos.

5.1. Numerais

Son aquel grupo de palabras que fan referencia á cantidade de maneira precisa, á orde nunha sucesión ou a calquera tipo de cuantificación máis ou menos exacta.

Os numerais poden ser de catro clases:

- **Cardinais:** indican o número ou cantidade exacta de unidades. Son a serie dos números:

<i>zero</i>	<i>vinte e dous / vinte e dúas, etc.</i>
<i>un/unha</i>	<i>trinta</i>
<i>dous/dúas</i>	<i>trinta e un, trinta e unha, etc.</i>
...	<i>corenta</i>
<i>nove</i>	...
<i>dez</i>	<i>cen</i>
<i>once</i>	<i>cento un, cento unha, etc.</i>
<i>doce</i>	<i>douscentos / duascenas</i>
<i>trece</i>	<i>trescentos / trescentas</i>
<i>catorce</i>	<i>catrocentos / catrocentas</i>
<i>quinze</i>	<i>cincocentos / cincocentas,</i>
<i>dezaseis</i>	<i>quiñentos/ -as</i>
<i>dezasete</i>	<i>seiscentos / seiscentas</i>
<i>dezaioito</i>	<i>setecentos / setecentas</i>
<i>dezanove</i>	<i>oitocentos / oitocentas</i>
<i>vinte</i>	<i>novecentos / novecentas</i>
<i>vinte e un / vinte e unha</i>	<i>mil</i>

Exemplos:

- Teño *dúas* irmás.
- Fixemos *cincocentos* quilómetros.

Lembra que...:

Cento, millón, billón, trillón, aínda que expresan número, funcionan como substantivos, igual que *ducía, decena, centena*.

Lembra que...:

Os numerais *un, unha*, cando son adxectivos, contraen con *de, en e con*, da mesma maneira que os artigos indeterminados. Pola contra, cando son pronomes, normalmente contraen coas preposicións *en e de*, pero non coa preposición *con*, da mesma maneira có indefinido *un(s), unha(s)*: *equivocouse nunha ou en dúas respostas; con unha xa me abonda*.

- **Ordinais:** non expresan cuantificación senón que indican a posición dun elemento nunha serie ordenada.

<i>primeiro</i>	<i>oitavo</i>
<i>segundo</i>	<i>noveno</i>
...	<i>décimo</i>
<i>sexto</i>	<i>undécimo / décimo primeiro</i>
<i>sétimo</i>	<i>duodécimo / décimo segundo</i>

décimo terceiro

...

*décimo sétimo**décimo oitavo**décimo noveno**vixésimo**vixésimo primeiro**vixésimo segundo, etc.**trixésimo**cuadraxésimo**quincuaxésimo**sesaxésimo**septuaxésimo**octoxésimo**nonaxésimo**centésimo**milésimo**millonésimo*

Exemplos:

- Vivo no *oitavo* andar deste edificio.- É a *terceira* volta que dou ao rueiro.

Todas estas formas admiten morfemas de xénero e número, concordando co substantivo que acompañan, que nas formas compostas só se unen ao último elemento (*décimo primeira carreira*).

- **Multiplicativos:** indican o produto exacto dunha multiplicación.

*dobre; duplo, dupla**triplo, tripla**cuádruplo, cuádrupla**quíntuplo, quintupla**séxtuplo, séxtupla**séptuplo, séptupla**óctuplo, óctupla**nónuplo, nóupla**décuplo, décupla**céntuplo, céntupla*

Os restantes fórmanse mediante o cardinal correspondente seguido da palabra veces.

Exemplos:

- Solicitaban *dobre* soldo por consideraren o traballo perigoso.- Executou un *triplo* salto mortal durante as competicións no pavillón olímpico.- Aumentaron a imaxe *vinte veces* o seu tamaño orixinal.

- **Partitivos:** expresan a diminución proporcional dunha cantidade, a súa división.

*medio, -a**terzo, -a**cuarto, -a**quinto, -a**sexto, -a**sétimo, -a**oitavo, -a**noveno, -a**décimo, -a**onceavo, -a**doceavo, -a**centésimo, -a**milésimo, -a**millonésimo, -a*

Repara en que a partir de 1/11 (e exceptuados 1/100, 1/1000, 1/1.000.000) o partitivo faise engadindo ao cardinal o sufixo *-avo*: (1/16) *un dezaseisavo*, (2/29) *dous vinte e noveavos*, (7/345) *sete trescentos corenta e cincoavos*.

Exemplos:

- Comprou **media** ducia de ovos para facer un revoltó con grelos.- A **quinta** parte da colleita estragouse por causa da sarabia.

Lembra que...:

Os numerais, agás os ordinais (que non contabilizan senón que indican posición nunha serie), son un tipo de cuantificadores, xunto cos indefinidos.

5.2. Indefinidos

Este grupo de palabras son un tipo de cuantificadores que se caracterizan por expresar unha idea de imprecisión, de indeterminación, referidas á noción de número ou cantidade, ou á identidade de algo ou alguén. Exemplos:

- Había **moitas** persoas na reunión.
- No patio aparcaron **varios** coches.
- Temos **poucos** cartos.
- **Algún** rapaz petou na porta e fuxiu.

Aínda que a maioría dos indefinidos poden desenvolver a función de pronome e de determinante, existe un grupo reducido que só funciona como pronome e outro que unicamente actúa de determinante:

Indefinidos con función unicamente pronominal

Son todas palabras invariables porque carecen de flexión:

- referidos a persoas: *alguén, ninguén*
- referidos a animais ou obxectos: *algo, nada, ren ou res*

Indefinidos con función unicamente determinativa

Admite variación xenérica e numérica pois deben concordar co substantivo que determinan:

- *certo, certa, certos, certas*

Indefinidos con función determinativa ou pronominal

Admite variación xenérica e numérica pois deben concordar co substantivo que determinan ou ao que fan referencia como pronomes. A cuantificación pode ser de dous tipos:

- *relativa*, se indican cantidade aproximada poñéndoa en relación con outra expresada (*tanto/a/os/as, moito/a/os/as, máis, menos, pouco/a/os/as*) ou implícita (*bastante/s, ben, demasiado/s, abondo/a/os/as*).
- *non relativa*, se indican cantidade aproximada sen poñela en relación con outra expresada ou implícita: *algún/s, algunha/s, todo/a/os/as, un/ha, ningún/s, ningunha/s, uns cantos, unhas cantas, varios/as*

5.2.1. Contraccións dos demostrativos con outro/a/os/as e algún

Algún e *outro*, cos seus femininos e plurais, contraen coas preposicións *en* e *de*: *nalgún, nalgunha...; dalgún, dalgunha...; noutro, noutra...; doutro, doutra*, etc.

Lembra que...:

Con *alguén* e *algo* non se marca contracción na escrita.

DE + ALGÚN

dalgún
dalgunha
dalgúns
dalgunhas

EN + ALGÚN

nalgún
nalgunha
nalgúns
nalgunhas

DE + OUTRO

doutro
doutra
doutros
doutras

EN + OUTRO

noutro
noutra
noutros
noutras

Exemplos:

- Tes que facelo **doutro** xeito.
- **Nalgún** sitio deixei a miña carteira.
- Agora o asunto está **noutras** mans.

O indefinido *un(s)*, *unha(s)*, cando actúa como adxectivo, presenta as mesmas contraccións có artigo indeterminado: *falounos duns problemas que non demos entendido*; *casou cun de Sarria*.

Cando se usa como pronome, xeralmente represéntase a contracción coas preposicións *de* e *en*, dando lugar ás formas *dun(s)*, *dunha(s)*, *nun(s)*, *nunha(s)*: *están sempre a falar mal dun*; *a resposta hai que buscala nun mesmo*; por contra, non se representa na escrita a contracción coa preposición *con*: *tanto se comprometía con un coma con outro*; *cada domingo ía ao teatro con unha, nunca o viamos coa mesma rapaza*.

6. Identificadores

É aquel conxunto de palabras que fan referencia a unha realidade e indican de cal se trata. Exemplo: **uns** deciden mercado pero **outros** deciden alugalo.

Poden ser *simples* se unicamente identifican: *ambos/as*, *entrambos/as*, *calquera*, *quenquera*, *tal/es*, *certo/a/os/as*, *determinado/a/os/as*.

Poden ser reforzados se, ademais, poden establecer unha relación de igualdade ou de diferenza de identidade ou grupo: *mesmo/a/os/as*, *outro/a/os/as*, *propio/a/os/as*, *o/a/os/as demais*, *o/a/os/as máis*.

Todos presentan flexión de número agás *calquera* e *quenquera*, sempre en singular, e *ambos* e *entrambos*, sempre en plural.

Lembra que...:

O identificador simple *ambos/as* e *entrambos/as* cando actúa como determinante vai situado antes do substantivo e ten que ir seguido necesariamente de *os/as*. *Ambos ou dous nenos estudaron no mesmo colexio*.

7. O pronome persoal

Os pronomes persoais son a clase de palabras que se refiren ás persoas que interveñen na comunicación. O significado, pois, é gramatical, non lexical, en tanto que remiten ao emisor (pronomes de primeira persoa), ao receptor (pronomes de segunda persoa) e á persoa ou aquilo do que se fala no discurso (pronomes de terceira persoa).

Exemplos:

- **Pilar** virá máis tarde. **Ela** ten traballo até as sete.
- **Os meus amigos** recibiron unha boa sorpresa. **Eles** non sabían nada do asunto.

Constitúen unha clase pechada de elementos que, por si mesmos, establecen as referencias de número e persoa a través de morfemas libres nas formas de primeira e segunda persoas. A terceira persoa, por non estar presente no momento de enunciación, en cambio, precisa morfemas específicos de xénero e número.

7.1. O pronome persoal tónico

O pronome persoal tónico ten un acento de intensidade que lle permite funcionar de forma independente. As formas que poden presentar os pronomes persoais tónicos clasifícanse en rectas e oblicuas.

- **Rectas:** as formas rectas son *eu, ti, el / ela, nós / nosoutros / -as, vós / vosoutros / -as, eles / elas*. Posúen estas características:

- Non precisan preposición.
- Poden desempeñar as funcións de suxeito ou de atributo.

Elas déronnos bastantes ideas para este proxecto.

suxeito

Os novos representantes dos alumnos sodes vós.

atributo

- **Oblicuas:** as formas oblicuas son *min, comigo, ti, contigo, si, consigo, nós/nosoutros, connosco, vós/vosoutros, convosco, si, consigo*. Caracterízanse polos seguintes trazos:

- Sempre levan preposición.
- Poden desempeñar as funcións de complemento directo, complemento indirecto, complemento circunstancial, complemento de réxime e complemento axente.

A ti víronte na conferencia do sábado.

C.D

Os teus veciños sentaron con nós no cinema.

C.C.

A continuación tes un cadro de todos os pronomes persoais da *serie tónica*.

Número	Persoa	Suxeito	Formas oblicuas			
			Libres		Ligadas	
			non reflexivo	reflexivo	non reflexivo	reflexivo
singular	1	eu	min		comigo	
	2		ti		contigo	

	3	el, ela	si	---	consigo
plural	4	nós / nosoutros, -as		connosco	
	5	vós / vosoutros, -as		convosco	
	6	eles, elas	si	---	consigo

As formas de cortesía son *vostede* e *vostedes*, que esixen verbo en terceira persoa de singular ou plural, respectivamente. As preposicións *en* e *de* contraen co pronome persoal de terceira persoa, segundo se indica no cadro seguinte:

Preposición	Pronome			
	el	ela	eles	elas
en	nel	nel	neles	nelas
de	del	dela	deles	delas

Estas contraccións non teñen lugar cando a preposición non rexe directamente o pronome: *De eles chegaren en tempo, imos xuntos.*

7.2. O pronome persoal átono

O pronome persoal átono precisa dun elemento de apoio para poder funcionar. Normalmente, este elemento é un verbo. A continuación, tes un cadro de todos os pronomes persoais da serie átona:

Número	Persoa e xénero		Non reflexivo		Reflexivo
			Dativo	Acusativo	
singular	1		me		
	2		che	te	
	3	masculino feminino	lle	o, lo, no a, la, na	se
plural	4		nos		
	5		vos		
	6	masculino	lles	os, los, nos	se
		feminino		as, las, nas	

Os pronomes persoais átonos varían segundo desempeñen a función de complemento directo ou a de complemento indirecto.

- **Función de complemento directo:** desempeñana as formas *me, te, o, lo, no, a, la, na, nos, vos, os, los, nos, as, las, nas.*

Coféizote desde que empezamos no colexio.

As formas *o, lo* e *no* (cos correspondentes femininos e plurais) son variantes combinatorias, de maneira que cada unha delas aparece nuns contextos fonéticos específicos en que non poden aparecer as outras: *lo* úsase cando o pronome é enclítico dunha forma verbal (excluído o participio) ou pronominal rematada en *-s* ou *-r* (*coller - collelo, colles - cóllelo*) e tras o adverbio *u* (antes **ub: ulo?*); *no* úsase tras as formas verbais que acaban en ditongo (*fai - faino; dei - deina; comeu - comeuna; feriu - feriuo; deixou - deixouna*); *o*, en fin, úsase en todos os outros casos (*collo - cólloo, collín - collino, fan - fano, non vexo - non o vexo, mal vexo - mal o vexo* etc.).

- **Función de complemento indirecto:** desempeñana as formas *me, che, lle, nos, vos, lles*.

Ademais destas funcións, as formas átonas non reflexivas poden acadar o valor de dativo de interese ou de dativo de solidariedade:

- Dativo de interese: o pronome pode acadar este valor cando introduce na mensaxe unha persoa que, sen ser participante nos feitos, ten interese neles ou nas súas consecuencias. Adoita ser o propio emisor: O meu neno come**me** todo.
- Dativo de solidariedade: as formas de 2ª persoa (*che e vos*) acadan este valor cando introducen na mensaxe o receptor, que non participa nos feitos relatados: *Aprobó**chelle** todo este curso. Cando vai acompañado doutros pronomes sempre ocupa a primeira posición. Pódese eliminar da oración e non provoca a agramaticalidade.*

A *concorrenza* dos pronomes de complemento indirecto co complemento directo de terceira persoa resólvese como segue:

Complemento indirecto	Complemento directo (P3)			
	o/lo	a/la	os/los	as/las
me	mo	ma	mos	mas
che	cho	cha	chos	chas
lle	llo	lla	llos	llas
nos	nolo	nola	noles	nolas
vos	volos	vola	volos	volas
lles	llelo	llela	llelos	llelas

O pronome reflexivo **se** tamén pode ter valores diferentes:

- Reflexivo: o suxeito realiza a acción que recae sobre si mesmo. El queimouse.
 En galego é incorrecto o uso das formas reflexivas cando na oración hai expreso un CD: *María peitéase / *María peitéase o pelo.*
- Recíproco: acada este valor cando dous ou máis suxeitos executan e reciben a acción. *María e Antón quérense moito.*
- Pronominal: utilízase os pronomes en construcións que carecen de suxeito e só se empregan co verbo en 3ª persoa. Estase ben aquí.
- Pasiva reflexa: a diferenza das anteriores, estas construcións si teñen suxeito e sempre debe concordar co verbo. *Alúganse apartamentos.*

7.3. Colocación do pronome átono

O pronome átono pode aparecer en dúas posicións:

- **Tras o verbo:** é a posición non marcada do pronome na oración.

Levoume ao teatro

- **Diante do verbo:** de maneira xeral, o pronome vai diante do verbo nos seguintes casos:
 - Nas oracións **negativas, interrogativas e exclamativas** (introducidas por un pronome interrogativo ou exclamativo) e **subordinadas**.

Non te entendo ben.

Que alegría nos deron!

Asegurou que vos ensinaría a pilotar o seu coche.

- Cando a oración comeza con determinados *adverbios* (*moito, moi, tan, tanto, algo, xa, tamén, seica, aínda, axiña, sempre* etc.) ou *indefinidos* (*ninguén, nada, ningún, alguén, algo, ambos, bastante, calquera, mesmo, todos*).

Xa o sabemos.

Todos nos alegramos coas vosas noticias.

8. O pronome relativo

Son elementos do discurso que substitúen un termo presentado con anterioridade no discurso, o *antecedente*, e introducen unha cláusula que o cualifica ou caracteriza. Funcionan á vez como núcleos dunha frase nominal, en función pronominal, e como nexos, agás a forma *cuxo/a/os/as*, que só funciona como determinante, non como pronome.

A *rapaza que* está á dereita de Xiana é amiga da miña irmá.
 antecedente

Neste caso, *que* substitúe o antecedente *rapaza*.

Para o relativo, dispomos de cinco formas:

- *Que:*

Sen variación de xénero e número. Admite como antecedente unha persoa (*os nenos que chegaron viñan de excursión*), un obxecto (*a casa que mercou*) ou unha cláusula enteira; neste último caso, pode ir precedido da palabra *cousa/feito*, etc. (*casou coa amiga, cousa que nos gustou*).

As cláusulas de relativo introducidas por *que* poden ser *explicativas* se non restrinxen o significado do substantivo, e van sempre entre pausas, ou *especificativas* se si restrinxen o significado do substantivo (non van entre pausas). Exemplos:

- As árbores, que estaban secas, foron cortadas (todas estaban secas e todas foron cortadas por iso)
- As árbores que estaban secas foron cortadas (só as que estaban secas, que non eran todas, foron as cortadas)

- *Quen:*

Sen variación de xénero nin número. Isto non quere dicir que non poida facer referencia a máis de unha persoas: *foron eles quen chamaron*.

- *Cal:*

Só admite morfema de plural, *cal, cales*.

Pousou nunha póla, na cal aniñaba unha pomba.

- **Canto:**

Pode ter morfemas de xénero e número *canto, canta, cantos, cantas*. Pode ir reforzado por *todos*: *todos cantos viron o desfile quedaron abraiados*.

- **Cuxo:**

Pode ter morfemas de xénero e número, concordando co substantivo a que acompaña: *cuxo, cuxa, cuxos, cuxas*. Actúa unicamente con función determinativa, nunca como pronome: *o individuo, cuxa identidade descoñecemos, gañou o premio extraordinario*.

9. O interrogativo e o exclamativo

Os interrogativos e exclamativos funcionan como substitutos dun determinado elemento sobre o cal, ou ben interrogan ou ben exclaman. Poden ser interrogativos ou exclamativos directos (*que está a pasar?*) ou indirectos (*preguntou que estaba a pasar*).

Existen catro formas do interrogativo e exclamativo: dúas sen variación de xénero e número, *que* e *quen*; unha que admite morfema de plural, *cal, cales*; e outra que pode ter morfemas de xénero e número, *canto, canta, cantos, cantas*.

Poden desempeñar unha función nuclear, é dicir, actuar como pronomes, ou acompañar o substantivo en función determinativa.

- Que che digo eu sempre? (función pronominal)
- Que cousa che digo eu sempre? (función determinativa)
- Canto pesa esa robaliza! (función pronominal)
- Cantos quilos pesa esa robaliza! (función determinativa)

A entoación interrogativa ou exclamativa márcase ao final do enunciado por medio dos signos ? e !, respectivamente: *Por que non llelo preguntas ti?; Miraches ben?; Vaia, Tomé, por que non calas?; Vaiche boa!; Mira que non o fagas!; non ho!* Para facilitar a lectura e evitar ambigüidades, poderase indicar o inicio destas entoacións cos signos ¿ e ¡, respectivamente.

Os interrogativos e os exclamativos non se acentúan en interrogativas e exclamativas directas: *cal queres?, cando vés?, canto queres?, como che vai?, onde está?, que queres?, quen cho deu?, que desgraza!*

Tampouco se acentúan as formas do interrogativo e exclamativo cando introducen interrogativas indirectas (*pregúntalle cando volve, pregúntalle onde está, preguntoulle cal quería*), agás cando for preciso para evitar posibles anfiboloxías: *dille qué queres, / dille que queres, a rapaza non tiña que comer / a rapaza non tiña qué comer, etc.*

Lembra que...:

A forma *quen* é invariable. Exemplo: *quen foi o que chamou? / quen foron os que chamaron?*